

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CREACIÓN DAS RUTAS DO MAR: O PATRIMONIO MARÍTIMO DO CAMIÑO INGLÉS A SANTIAGO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Ricardo Cao Abad, en representación da Universidade da Coruña (en diante UDC), como o seu reitor, nomeado polo Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 207, do 27 do outubro); e en representación da Fundación Universidade da Coruña (en diante, FUAC), que foi constituída ante o notario don Pablo Valencia Ces o 24 de marzo de 1997, e inscrita no rexistro auxiliar de fundacións co núm. 183, como Presidente do seu Padroado e con facultades suficientes para a formalización do presente acto segundo nomeamento acordado no Padroado celebrado o 18 de xullo de 2024.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.



EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a UDC como institución de servizo público, está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña manterá relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

Terceiro.- Que a FUAC é unha Fundación de carácter benéfico-docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade. É, polo tanto, unha organización non lucrativa, medio propio da Universidade da Coruña, incluída na denominación de fundación universidade-empresa tal e como demostra a composición do Padroado, o obxecto social, e os fines fundacionais establecidos nos Estatutos.

A UDC ten encomendada, a través da Resolución Reitoral do 03.04.2023, pola que se encomenda a xestión económica de contratos de investigación (art. 60 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU)) e das cátedras institucionais, os servizos de xestión económico administrativa, secretariado técnico de apoio á Dirección e outros servizos de apoio. Que segundo o artigo 13 dos seus estatutos, a FUAC terá a



consideración de medio propio instrumental do servizo técnico da Universidade da Coruña.

Cuarto.- Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, no seu artigo 34.1 establece que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as Administracións Públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas pola administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo.

Así mesmo, o devandito artigo 34.1 da citada Lei prevé que poderán asinar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e Innovación.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.

Quinto.- Que o presente proxecto ten como obxectivo a creación, continuidade e consolidación das Rutas do Mar como instrumento estrutural para a documentación, interpretación e valorización do patrimonio marítimo galego, tomando como eixo territorial específico o Camiño Inglés a Santiago de Compostela, na súa dimensión histórica como ruta de chegada por mar.

A proposta dá continuidade aos traballos desenvolvidos nos proxectos Traslatio e Rutas do Mar, centrando a análise nos bens inmoables vinculados ao patrimonio marítimo arquitectónico, etnolóxico e industrial, así como noutros espazos de relevancia paisaxística, cultural e turística asociados aos portos e aos ámbitos litorais do Camiño Inglés. Deste xeito, promóvese unha lectura integrada do litoral galego como espazo histórico de mobilidade, intercambio e peregrinación, favorecendo a súa incorporación activa ás políticas de turismo cultural e sostible.



Para facilitar a achega da cidadanía e das persoas visitantes a este patrimonio, prevese o uso de ferramentas dixitais de xeolocalización —como Google Maps, Wikiloc e outras plataformas de difusión turística—, reforzando así a súa visibilidade, comprensión e posta en valor.

O convenio ten como finalidade o estudo do patrimonio marítimo inmovible vinculado ao Camiño Inglés e enmárcase nos obxectivos do Plan de Cultura Marítima de Galicia, promovido pola Xunta de Galicia, dando continuidade á liña de traballo iniciada coa incorporación dos bens do patrimonio marítimo inmovible na sección de Turismo Mariñeiro do sitio web de Turismo de Galicia.

Por parte da Axencia de Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa UDC e coa FUAC, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que a Universidade da Coruña e a súa Fundación son as únicas que poden realizar as actuacións obxecto deste convenio de colaboración, ao ser unha continuación dos proxectos Traslato e Rutas do Mar desenvolvidos no seu día pola Fundación Universidade da Coruña.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan subscribir este convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Universidade da Coruña e a Fundación Universidade da Coruña para a creación das “Rutas do Mar”, focalizadas na promoción dos bens inmovibles relacionados co estudo do patrimonio marítimo inmovible vinculado ao Camiño Inglés, en concreto dos concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, A Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros.

As accións a executar, o plan de traballo e o seu cronograma son os que se especifican no Anexo a este convenio, e do cal forma parte.



Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a execución das accións ascende na súa totalidade a 55.000,00 € (operación non suxeita a IVE, de acordo co art. 7 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido), que se distribúen do seguinte xeito:

Partida	Actuación	Orzamento estimado
01- Custos fases dirección e deseño	Honorarios investigadores en servizos de coordinación, deseño e maquetación fases 3 e 4	14.000,00 €
02- Custos fases de identificación e dixitalización	Honorarios de persoal e contratación externa por servizo para a realización da investigación da fase 1 e 3	14.000,00 €
03- Custos fases traballo de campo e consolidación	Honorarios para contratación externa por servizo para a realización da investigación da fase 2 (inclúe desprazamentos)	18.750,00 €
Total custos directos		46.750,00 €
Custos indirectos	Secretaría técnica, xestión e administración económica convenio	8.250,00 €
	Total proxecto	55.000,00 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actuacións que se relacionan no cadro anterior cunha achega de 55.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da FUAC unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

En todo caso, a achega da Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización das actividades sen que a entidade obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.



Terceira.- Compromisos das partes

1. A UDC comprométese a realizar os traballos de investigación, recompilación e estudo derivados do obxecto do convenio, de acordo coas actividades e plan de traballo recollidos no Axexo deste convenio. A dirección dos ditos traballos será por parte do profesor Dr. Óscar Fuertes Dopico.

2. A FUAC, ao abeiro da Resolución Reitoral da Universidade da Coruña do 03.04.2023, pola que a Universidade da Coruña lle encomenda a xestión económica de contratos de investigación amparados no artigo 60 da LOSU e das cátedras institucionais, terá as seguintes obrigas:

- Levar a cabo as actuacións de administración e de xestión económica obxecto deste convenio, así como executar o orzamento previsto na cláusula segunda.
- Facer constar a cooperación da Xunta de Galicia, de acordo co manual de identidade corporativa, en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións prevista a través da realización do investimento polo importe máximo establecido na cláusula segunda.



Cuarta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual, de conformidade coa normativa vixente.

Quinta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Axencia de Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1º.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia de Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia de Turismo de Galicia.



- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto, poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa e realizar a execución do obxecto do convenio remata o 1 de decembro de 2026.

3º.- Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda e sempre que se cumpra coa finalidade, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total previsto na cláusula segunda.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.



4º.- A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificacións e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime dos asinantes.



- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do convenio se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a UDC e a FUAC ostentan a condición de responsables do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar das devanditas entidades o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.



Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Universidade da Coruña e pola
Fundación Universidade da Coruña

José Manuel Merelles Remy

Ricardo José Cao Abad



ANEXO

1. Actividade a realizar

O presente proxecto ten como obxectivo a creación das "Rutas do Mar", focalizadas na promoción dos bens inmobles relacionados co patrimonio marítimo do camiño Inglés a Santiago de Compostela, focalizadas na promoción dos bens inmobles dos concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, A Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros.

Estas rutas poderán incluír elementos arquitectónicos, urbanísticos e outros vestixios históricos con relevancia cultural e turística vinculada ao mar. Con esta iniciativa, preténdese facilitar a achega a este patrimonio mediante o uso de ferramentas dixitais de xeolocalización, vinculadas a outras plataformas como Google Maps e Wikiloc, entre outras.

A proposta enmárcase dentro dos obxectivos do Plan de Cultura Marítima de Galicia promovido pola Xunta de Galicia. E neste caso pretende unificar a nivel de deseño, nun mesmo formato os traballos dos anos anteriores dentro do proxecto Rutas do Mar.

Este convenio ten como finalidade continuar coa inclusión dos bens do patrimonio marítimo inmovible na sección de "Turismo Mariñeiro" do sitio web de Turismo de Galicia que xa se iniciou co proxecto Traslatio. Deste xeito, búscase complementar a información xa existente, garantir a dinamización e posta en valor dos vestixios e edificacións que se conservan na actualidade.

2. Plan de Traballo

Os traballos levaranse a cabo no marco do bordo litoral proposto:

INVESTIGACIÓN	
PLANS DE TRABALLO XERAL:	
PT01:	• Selección dos bens visitables, acordes ao interese turístico. • Reflexión sobre o deseño das Rutas.



IDENTIFICACIÓN	
PT02: TRABALLO DE CAMPO	• Visita aos bens para a valoración do seu interese turístico. • Estudo dos accesos e posibles percorridos.
PT03: DIXITALIZACION E DESEÑO	• Maquetación da información. • Elaboración das rutas do patrimonio marítimo. • Documento para a inclusión de bens na web de Turismo de Galicia. Re maquetación do documento anterior.
PT04: DIRECCIÓN E XESTIÓN	• Coordinación xeral do proxecto, asegurando o cumprimento dos prazos e obxectivos establecidos.

FASE 1: Fase de identificación. A realización desta fase consistirá na recollida, análise e tratamento da información facilitada pola axencia e recompilada polo equipo de traballo. A partir desta documentación, iniciárase o tratamento da información. As tarefas concretas son as seguintes:

- A. Selección dos bens visitables. A selección dos bens visitables implica un proceso rigoroso de avaliación e clasificación dos elementos do patrimonio marítimo que posúen un alto interese turístico. Este proceso inclúe:
- *Identificación Preliminar:* Análise dunha lista preliminar de bens inmobles, con base na súa relevancia histórica, cultural e arquitectónica.
 - *Criterios de Selección:* Establecemento de criterios específicos que aseguren a inclusión dos bens máis representativos e atractivos para os visitantes. Estes criterios poden incluír aspectos como o estado de conservación, accesibilidade, singularidade e potencial para atraer turistas.
- B. Reflexión sobre o deseño das Rutas. A reflexión sobre o deseño das rutas turísticas é un paso clave para garantir que as rutas resultantes sexan atractivas, accesibles e educativas. Este proceso inclúe:



- *Análise de Intereses e Expectativas do Público:* Estudo das preferencias e expectativas do público obxectivo, considerando factores como a duración das rutas, o nivel de dificultade e os intereses temáticos (historia, arquitectura, natureza).
- *Integración de Elementos Clave:* Incorporación dos bens seleccionados dentro dun esquema coherente e atractivo.
- *Planificación Loxística:* Consideración de aspectos loxísticos como os puntos de acceso e aparcadoiro.

FASE 2: Traballo de campo e consolidación da información. A información verificarase in situ mediante unha inspección física dos elementos. Este proceso inclúe os seguintes pasos:

- A. Elaboración de Esquemas das Rutas. Deseño de esquemas visuais que representen as rutas propostas, detallando os puntos de interese e os percorridos.
- B. Levantamento Fotográfico. Captura de unha imaxe descritiva do ben inmovible, co obxectivo de documentar o seu estado actual e a súa aparencia.
- C. Lectura e Organización do Material Recollido. Revisión e estruturación de toda a información recollida durante o traballo de campo, asegurando a súa coherencia e integridade.
- D. Comprobación de Fotos e Ortofotografías. Verificación da precisión das imaxes recollidas, comparándoas coa información previamente clasificada para asegurar a súa exactitude.

FASE 3: Dixitalización e deseño. Unha vez consolidada toda a información, os técnicos elaborarán o informe final e entregarán á axencia. Ademais, realizarase un tratamento informático dos datos para a creación das rutas do patrimonio marítimo. Os traballos a realizar son os seguintes:

- A. Informatización dos Datos. Procesamento e almacenamento de toda a información recollida en formatos dixitais, asegurando a súa accesibilidade e conservación.
- B. Maquetación da Información. Organización e deseño da información recompilada nun formato visualmente atractivo e fácil de comprender, empregando software de maquetación profesional.



- C. Elaboración de Material Gráfico para a Difusión dos Expedientes. Creación de gráficos, mapas e outros materiais visuais que acompañen a información dos expedientes, facilitando a súa comprensión e difusión.
- D. Elaboración do documento Final. Redacción dun documento detallado que recolla as rutas propostas
- E. Unificación de deseño das rutas elaboradas en proxectos anteriores de Rutas do Mar.

FASE 4: Dirección e xestión. A fase de dirección e xestión estará centrada na coordinación xeral do proxecto e na supervisión de todas as actividades programadas. As tarefas incluirán:

- Asegurar o cumprimento dos prazos e obxectivos establecidos.
- Supervisión das actividades das rutas, traballo de campo e dixitalización para garantir a súa correcta execución.
- Xestión eficiente dos recursos humanos e materiais implicados no proxecto.
- Elaboración do informe sobre o avance do proxecto, avaliando os resultados obtidos.

3. Cronograma

O documento establece o seguinte calendario de traballo:

Fases	Ano 2026
Fase 1. Identificación	Mes 1-2
Fase 2. Traballo de campo e consolidación da información	Mes 2-4
Fase 3. Dixitalización e deseño	Mes 4-6
Fase 4. Dirección e xestión	Mes 1-6

A mediados destes meses está prevista unha reunión co equipo ou persoa en quen delegue a Axencia de Turismo de Galicia, e unha reunión final para a entrega da obra.

